Dende a área de Mocidade do Concello de Verín organízase o programa deportivo "Escola de Verán 2023" (Convive en Igualdade) e infórmase que a partir de hoxe martes, 23 de maio, ábrese o prazo de inscrición formal. A Escola Deportiva de Verán é unha iniciativa lúdico-deportiva que xa cumpre a súa 25ª edición e que está ideada para nenos e nenas nados entre o 2009 e o 2019.

Os usuarios poderán desfrutar dunha amplo horario da actividade, podendo asistir dende as 08.00 ata as 14.30 horas, todos os días, de luns a venres. Do mesmo xeito, con arranxo a facilitar a conciliación da vida laboral e familiar, así como poder ofrecer unha alternativa completa para o período vacacional dos máis pequenos, a duración da actividade abrangue todo o período de descanso estival na escola. Esto é, dende o 22 de xuño ata o 8 de setembro.

Respecto á tipoloxía das actividades da "Escola de Verán", desenvolverase o tradicional programa baseado en xogos coeducativos de igualdade e actividades deportivas variadas, salpicado doutras actividades complementarias como cine, teatro, obradoiros, piscina, bailes e actividades propias de ocio e recreación. O repertorio complementarase con diferentes eventos (torneos deportivos especiais), saídas pola contorna de Verín e así como varias actividades de gran envergadura para celebrar as bodas de prata da Escola de Verán e configurar así un verán motivador e dinámico.

As diferentes modalidades de participación da Escola de Verán son as seguintes:

MODALIDADE GRUPO	Matrícula Completa (Toda a actividade)		Matrícula Semicompleta (1 mes + 1 semana)		Matrícula Quincenal (2 semanas)	
	Empadroado/a		Empadroado/a		Empadroado/a	
	SI	Non	SI	Non	SI	Non
XERAL ou MIXTO 5 días por semana	133	163	67	97	55	85
FÚTBOL / FÚTBOL-SALA 3 días por semana	80	98	40	58	30	40
XERAL 3 días por semana	56,50	70,60	30	40	30	40

[illegible] Piscinas de A Granxa.
[illegible]
Existen [illegible] de inscrición dispoñibles [illegible] de Caja Rural de Zamora. do